

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2014

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezasete de decembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ e DONA ROSANA RIELO ROZAS. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 3 de decembro de 2014.

ÁREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para instalación de ascensor no edificio na rúa dos Paxariños, número 31; para a reforma interior de nave existente, construída con licenza urbanística número 553/77, para comercio de venda polo miúdo de produtos agropecuarios e clínica de animais de compañía, necesarias para o mantemento e conservación do uso existente e legalización de construción apegada independente para mascotas, en solo urbano na avda. Benigno Rivera, número 23; para reforma de parte de local para dedicalo á venda polo miúdo na planta baixa destinada a clínica veterinaria con licenza de actividade 6/95, situado no edificio con licenzas 196/87 e 94/90, sito na ronda das Fontiñas, número 93; para a construción de nave industrial de planta baixa sen uso definido, no parque empresarial das Gándaras, rúa A, parcela O.2.1; para a construción de nave, composta de planta soto e planta baixa sen uso definido en solo urbano, na rúa dos Carpinteiros, parcela 30; para obras de reparación de forxado en terraza posterior da primeira planta, como mantemento e conservación do uso do edificio con licenza número 121/75, sito en solo urbano na rúa Otero Pedrayo, número 20; para demolición de edificio de dúas plantas e alpendre dunha planta, situados na parte posterior da parcela na rúa Castela, número 25; para a demolición de dous edificios, un de planta baixa e catro altas e o outro de planta baixa e tres altas, sen afectar ao subsolo, sitios en solo urbano na rúa Santiago, números 26-28 e para a rehabilitación e reforma de vivenda unifamiliar na rúa Galegos, número 32, núcleo rural tradicional de Galegos-Portiño, parroquia de Santiago de Afora.

Código Seguro de verificación: o087Kt18QeHv3+1bKe6raw==. Permite a verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	23/12/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	o087Kt18QeHv3+1bKe6raw==	PÁGINA	1/4
 o087Kt18QeHv3+1bKe6raw==				

2. DISCIPLINA URBANÍSTICA.- Acórdase a resolución do expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 6/11 feita con data do 17 de agosto de 2011, da construción sita na estrada da Coruña, número 27, na que se desenvolve a actividade de café bar restaurante na súa planta baixa.

Acórdase a resolución do expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 49/12 feita con data do 22 de marzo de 2012, das construcións sitas na paraxe de "Entre ambos ríos" Lugar de Areeiras (Ovisa) [rúa Monte Torrón, número 41], nas que se desenvolve a actividade de oficina técnica e laboratorio de servizos de asistencia técnica, enxeñería do terreo e control de calidade.

Tamén se acorda a resolución do expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 108/12 feita con data do 18 de abril de 2012, dunhas construcións sitas en tenza do Carballo-Trasnales (San Martiño de Ombreiro), con uso principal residencial.

Do mesmo xeito, acórdase a resolución do expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 231/12 feita con data do 19 de abril de 2014, das construcións sitas en Faxilde-Barreiro da parroquia de Santiago de Saa, con uso principal residencial.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a autorización para realizar servizos extraordinarios por membros da policía local para atender os actos "Carreira Lugo monumental" e "Cabalgada de Reis" e a aprobación da forma de compensación.

Así mesmo, acórdase a autorización para realizar servizos extraordinarios por membros da Policía Local Unidade Administrativa e a aprobación da forma de compensación.


Acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura interina de prazas de educador/a social nos supostos previstos no artigo 10 do EBEP.

Así mesmo, acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura temporal de prazas de operario/a.

Acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura interina de prazas de oficial sepultureiro/a nos supostos previstos no artigo 10 do EBEP.

Código Seguro de verificación: o087Kt18QeHv3+1bKe6raw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	23/12/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	o087Kt18QeHv3+1bKe6raw==	PÁGINA 2/4


o087Kt18QeHv3+1bKe6raw==

Tamén se acorda a desestimación do recurso de reposición dun funcionario contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 26.12.2014

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a resolución de expediente de imposición de penalidades ao contratista por incumprimento de criterios de adxudicación do contrato e condicións especiais de execución na contratación do servizo de mantemento e conservación de instalacións deportivas do Concello de Lugo dentro do II programa de Servizos Locais e Fomento de Emprego 2013 (Selfe II) e a resolución de expediente de incautación de garantía definitiva.

5. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para legalización de ampliación de planta primeira no edificio sito na rúa Garaballa de Arriba, 1.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para legalización de muro de peche na parcela 53, polígono 163, no núcleo rural tradicional de Castro Alfonsín, parroquia de Santiago de Saa.

Así mesmo, acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza de primeira utilización para rehabilitación de vivenda unifamiliar tradicional sita en lugar Portanova (Coeses), 18.

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza solicitada para a construción por substitución dun edificio para uso de oficinas sito na rúa San Froilán, 40.

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao renunciar á licenza de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 29 de xaneiro de 2014 para acondicionamento de local para garaxe de uso público no edificio sito na avda. da Coruña, 438.

Do mesmo xeito, acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza

Código Seguro de verificación: o087Kt18QeHv3+1bKe6raw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	23/12/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	3/4



o087Kt18QeHv3+1bKe6raw==

solicitada para a demolición parcial, baleirado interior e desmontaxe de elementos protexidos de fachada do edificio sito na praza de Santo Domingo, 1.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase aprobar a solicitude para autorización de instalación de un posto de churros na avenida Rodríguez Mourelo, no período de novembro 2014-abril 2015.
- Acórdase a presentación dunha moción ó Excmo. Concello Pleno.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación: o087Kt18QeHv3+1bKe6raw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	23/12/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	4/4



o087Kt18QeHv3+1bKe6raw==